

## RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCEDIMENTO DE ADQUISICIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP) EN SEGUNDA OU POSTERIOR TRANSMISIÓN NO CONCELLO DE SADA

En data 30 de xaneiro de 2015 publicouse a resolución da lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de adquisición de vivenda protexida de promoción pública en segunda ou posterior transmisión do expediente C900010 conta 23, situado no concello de Sada, na r/ Párroco Villanueva, 31, Bloque 2, Portal 1, Dúplex E.

Transcorrido o prazo sinalado na devandita resolución, non se presentaron reclamacións.

Á vista do que antecede

Resolvo

1º Declarar deserto o procedemento de adquisición, referido á resolución de inicio do 30 de decembro de 2014, de vivenda protexida de promoción pública (VPP) en segunda ou posterior transmisión do expediente C900010 conta 23, situado no concello de Sada, na r/ Párroco Villanueva, 31, Bloque 2, Portal 1, Dúplex E.

2º Ordenar a publicación desta resolución na páxina web de I.G.V.S.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interponer recurso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, de conformidade có disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administración pública e do procedemento administrativo común.

A Coruña, 10 de febreiro de 2015  
O xefe territorial da Consellería de  
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

José Antonio Álvarez Vidal